

REALIDADE E VIVENCIALIDADE NO MUNDO DE ALVARO CUNQUEIRO

Anxo González Fernández

Universidade de Santiago

Realidade ou irrealidade, no mundo cunqueriano, non equivalen a ser ou non ser; o non ser é tamén real: dáse e actúa, implicado no ámbito do ser. Realidade ou irrealidade non equivalen tampouco a verdade ou falsedade nin, menos aínda, a verificabilidade ou inverificabilidade. A realidade cunqueriana de cotío discorre por canles inasequibles á constatación empírica e moi por fóra da disciplina que viría imposta pola adecuación do ámbito mental (e o das construcións da linguaxe) ó plano dos feitos: ó do convencional acontecer histórico, biográfico ou cósmico.

Isto non quere dicir, sen embargo, que o mundo cunqueriano non sexa predicable do universo mundo ou que a súa realidade non se inscriba no ámbito real e coparticipado da realidade sen máis. Sucede, sinxelamente, que Alvaro Cunqueiro parte do principio (e sobre el asenta o seu mundo) de que o ámbito da presentación do real ó ser humano (o do seu desvelamento ou *revelación* ou, mellor aínda, o da súa *constitución*) non é, principalmente, o ámbito *racional* da concordancia onto-lóxica, senon o máis amplo, por moito máis profundo, da *vivencia*.

E, así como naquel opera, case en exclusiva, o entendemento perceptivo e nel a obxectividade é rectora, no da vivencia, quizais por implicar á persoa en moitas máis das súas dimensións, é a subxectividade, así potenciada, quen rexe, e proxéctase, logo, espontánea e irrefreable; non a constrinxo o plano do devir empírico e ese seu artellamento lóxico creado polo saber científico, e mesmo certa, así, a topar (inventar: achar) dimensións metasensoriais presentes aínda nas cousas do chamado mundo material e concreto.

Afonso... levaba as mortes dos irmáns, do rei de Galicia, do rei de Castela, no pensamento, pero non ousaba levalas nas mans. ¿Que fixo, qué dixo, coma sorriu ou pechou os ollos, para que outros ousasen e o servisen? Nese caso, xurar verdade ou xurar en falso, é un nonsense (1).

(1) Cunqueiro, A., Palabras de Víspera, O.C., I, Galaxia, 1980, px. 317.

O rei Afonso, personaxe cunqueiriano en *Palabras de Víspera*, xura *verdade*: non estivo, no efectivo terreo dos feitos, implicado na morte de seu irmán. E xura tamén en *falso*: el, sabedor, e tamén consentidor e, en todo caso, internamente simpatizante coa trama homicida, non se pode considerar a si mesmo alleo á comisión real do feito.

Pero, claro, un xuramento que pode ser ó mesmo tempo verdadeiro e falso, non será, en realidade, nin verdadeiro nin falso: ei-lo *nonsense*. Ese xuramento non é, de feito, verdade nin falsidade, porque empeza por non implicar ningunha efectiva relación entre a palabra e os feitos, e non reveste, xa que logo, a condición predicativa e acreditadora que, como xuramento, lle sería esencial.

A verdade e a falsidade son, respectivamente, e segundo os principios da gnoseoloxía aristotélica, adecuación ou non adecuación do entendemento (ou os seus pronunciamentos) e a cousa (*intellectus et rei*, dicían os escolásticos). E, no caso, esta adecuación (ou non adecuación) dáse e non se dá; o cal valeira de contido noético e fiducial o formalismo da acreditación, e bate de plano contra mesmo o principio de contradicción; é o *nonsense*.

Pero isto non quita, sen embargo, que Afonso, na víspera da xura, preso dun enorme desacougo e comesto polos remorsos, non tivese

...que ter consigo mesmo algunha verba. Era o menos. Verbas de si para si (2).

E é que algo, con independencia da súa facticidade ou non facticidade empírica, e da súa verade ou falsidade, medidas polo feito si ou polo feito non da súa verificabilidade, pode ter plena vixencia e operancia no plano vivencial. E esta vivencialidade faino real en auténtico senso, e así cómpre recoñecelo, aínda que, a continuación, teñamos que apresarnos, quizais, a modificar, por reduccionaísta, o habitual asquema mental e operativo de realidade.

O treidor coida, un intre, que é a túa mesma alma, a túa propia man. E vai e obra. Si, eres ti quen obra. Si cortaras o fío dos teus pensamentos o treidor deteríase, o asasino descubriríase. Pero ti estás co teu pensamento en axuda... O teu pensamento é coma outro cabalo que fose a par dos deles (3).

En Alvaro Cunqueiro hai unha substitución do principio onto-lóxico de verificabilidade (a esixencia da verificación posible para vulgar da autenticidade real dun dato) polo *principio, óntico tamén e noético, de vivencialidade*, segundo o cal algo é realmente cando, con independencia do grao ou nivel da súa onticidade intrínseca e da súa comparecencia no nivel do acontecer empírico, está presente como obxecto no plano (cognitivo, afectivo e motivacional) das vivencias; e estas son as que o fan contar entre as cousas do mundo da realidade sen máis.

Cando o home da capa negra deita e, a seguido, levanta a saba que cobre o cadáver de Paulos, e este aparece, como por arte de maxia, nunha posición cada vez diferente, e se lle pregunta a aquel:

¿Hay explicación científica?,

el responde:

Hay una explicación poética, que es de grado superior (4).

(2) Cunqueiro, A., *Ibidem.*, loc. cit.

(3) Cunqueiro, A., *Ibidem.*, px 333-334.

(4) Cunqueiro, A., *El año del cometa*, Destino, 1990 px. 23.

En efecto, se no terreo da ciencia é a idea (o *eidós*, a *visión*, dito sexa cun término que expresa ben o que D. Alvaro quere facer da súa literatura) a que ha de acomodarse, verificablemente, ós feitos, na creación poética (*poiética*) son, pola contra, os feitos os que se adecuán á vivencia, e esta é, que non directamente aqueles, a reflexada nos *eidós*. As diferentes posturas en que vai aparecendo o cadáver de Paulos son as diferentes respostas (*eidéticas*, *visionables* é, no caso, efectivamente *visionadas*) con que a súa amada se contesta a sí mesma, ó preguntar por el. E é que un mesmo substrato óptico pode ser vivencialmente diferente e diverso para varios suxeitos, e aínda para o mesmo, en momentos sucesivos.

Felipe de Lomba (de quen se conta en *Xente de aquí e de acolá*) morreu porque non podía aturar as peteiradas que lle daba o galo, co que a cotío soñaba, no seu ollo valeiro:

- Isas peteiradas vólvenme tolo!
- Pro si non as hai, Felipe! Si as soñas!
- O caso é que doen! retrucábame (5).

Nun senso non moi diferente ó cartesiano, cabe a inferencia da vivencialidade á realidade, e así podería tamén dicirse daquelas peteiradas: *doen, logo existen* (e o de menos é o grao ou nivel da súa onticidade concreta). En calquera caso, entre vivencialidade (*realidade de cara ó suxeito* vivenciante) e *realidade en si*, a aposta cunqueiriana é decididamente en favor daquela:

La filosofía no consiste en saber si son más reales las manzanas de ese labriego o las que yo sueño, sino en saber cuál de las dos tienen más dulce aroma. Pero esto es arte mayor (6).

No pronunciamento de Eumón, o tracio, ante Egisto, hai, ó meu ver, a máis bela e, ó tempo, precisa formulación do principio cunqueiriano de vivencialidade: a cuestión non é de onticidade empírica, nin sequera de onticidade metafísica; a cuestión é de vivencialidade; a realidade ou non realidade así como a situación ou nivel categorial dentro desa realidade, decídense en función do si ou do non (e os seus grados) da implicación das cousas no ámbito vivencial do suxeito. E facernos cuestión do carácter, factual ou soñado, da mazá que nos embriaga co seu doce aroma sería pouco menos que un *nonsense*. A mazá poderá existir ou non no plano da empiría; pero, dándose como se dá, e operando cativadoramente no ámbito da vivencia, sería absurdo facernos problema da súa real existencia. En *arte maior* o principio de verificabilidade cede, así, ante o arroiador alcance do principio de vivencialidade.

Tense debatido sobre se procede ou non considerar realista a literatura de Alvaro Cunqueiro, e preténdese aplicar ó caso os parámetros da verosimilitude. Sen ousar dilucidala cuestión en tódalas súas vertentes, algo si que cabería aportar ó tema desde a consideración que aquí se fai do principio de vivencialidade.

E é que, así como a verdade pode darse tanto no nivel temático como no da anécdota ou argumental (e fálase, neste último senso de vericidade), a verosimilitude cínguese exclusivamente á liña dos aconteceres argumentais. E cabe que se dea, así, verdade temática en relato inverosímil e, mesmo, plena verosimilitude argumental envolvendo unha profunda falsedade temática.

(5) Cunqueiro, A., *Xentes de aquí e acolá*, O.C., III, Galaxia, 1983, px. 299.

(6) Cunqueiro, A., *El hombre que se parecía a Orestes*, Destino 7ª edic. 1981, px. 101.

En todo caso, a desvinculación entre o plano da verdade temática e o da verosimilitude argumental ofrece fundamento para logros expresivos de grande relevo e predicamento, tanto no terreo da literatura, como en xeral no das artes plásticas. Trátase de forza-la liña da anécdota, ata mesmo a inverosimilitude argumental, tentando lograr unha intensificación expresiva (expresionista, nun xenérico senso) da verade temática.

Agora ben, dado o caso, a liña argumental, liberada da suxeición ós parámetros da verosimilitude anecdótica e discorrendo por fóra das esixencias de concordancia cun acontecer factual posible, ¿ proxectarase xa de forma caprichosa e imaxinativamente sen rumbo?

O vagar imaxinativo (ensoñante, sería un dicir máis cunqueiriano) non é tal vagar caprichoso e sen rumbo. Sábese de vello (e desde Freud (7) cóñécense moitos detalles do mecanismo posibilitante do feito) que o vagar imaxinativo non ó de xeito ningún autónomo con respecto ás outras dimensións da personalidade implicadas no plano vivencial; non hai sequera (falando con propiedade) tal *vagar*; hai si unha dinámica cosmoxenética determinada por desexos, medos, ansias, esperanzas, frustracións, experiencias, etc. que se decanta nun acontecer ensoñado, de vivenciación certamente profunda; e sucede, xa que logo, que a inverosimilitude anecdótica ou argumental é, se cadra, unha decidida *verosimilitude vivencial* (no campo da verosimilitude e os seus criterios hai, como no de verificabilidade, especificacións, e pódense constatar, así, diversos niveis de verosimilitude como os hai de verificabilidade, segundo se puxo de manifesto na controversia positivística).

Pero o realismo vivencial cunqueiriano non é só un *realismo subxectual* que se limite a reflexa-la conformación contextural e dinámica do suxeito vivenciante, por máis intersubxectivas que sexan esas contexturas e esas pautas dinámicas (a obxectividade da transcendentalidade). Non: o realismo vivencial cunqueiriano é tamén pleno apego á *res*, pero a *res* (cousas, xentes, países, cidades, sucesos) en aspectos e facianas non, precisamente, asequibles ás canles perceptivas que a ciencia estima como tales, e que só no ámbito da vivencia poden de feito facerse presentes.

En efecto, no ámbito da vivencia comparecen tódalas dimensións da personalidade que a ciencia a título de “condicionamientos subxectivos” menosprecia (os *idola* de Bacon) e tenta, así, neutralizar, como enemigos que son do *protocolo do laboratorio*. Entre este destacan, precisamente, a *fantasía proxectiva* (de desexos, esperanzas ou temores), a *fantasía evocadora* (de tempos, sucesos ou formas, idos xa e que se fan actuais, da man dun referente ou suceso presente), a *fantasía asociativa* (que permite ir de tema a tema, de personaxe a personaxe, de situación a situación, sen suxeición á lóxica e sen imposicións de rigor histórico), a *fantasía compensadora de frustracións*, é dicir: todo o que Alvaro Cunqueiro garda dentro da palabra e da realidade do ensoño.

Estas dimensións tan profundas da subxectividade vivenciante descubren nas cousas aspectos (incuestionablemente obxectivos, claro) ignorados para a aséptica a disciplinada razón discursiva e investigadora, situada normalmente nun determinado nivel de abstracción. O ensoñamento creador é, en verdade, só descubridor (inventor) do complexo mundo potencial que as cousas levan dentro ou a par de si:

(7) (As presencias freudianas en Alvaro Cunqueiro son moito máis profundas que un Edipo, máis ou menos ortodoxamente deliñado).

Toda realidade pode ser vulnerada, ferida nos mesmos ris, pola imaxinación creadora, que si o é verdadeiramente, é máxica, i entón sinala que aquela realidade é cambiante, xira súpeta, amosa mil caras, está feita de cen séculos e lugares, convoca ó sol e maila lúa a un tempo, e sigue sendo unha realidade que o home habita. É dicir, o mundo real no que nasce, vive e morre o home esencial (8).

Repárese alomenos nisto: as *mil caras* de calquera realidade, por máis metasensoriais que sexan, e por máis que só poidan ofrecerse (darse, revelarse) á imaxinación creadora, seguen a se-la *realidade que o home habita*: o mundo real no que o home *nasce, vive e morre* (¿u-lo, logo, o *icarismo?*, ¿u-la *trascendencia?*).

Claro que a súa condición matasensorial pode dar lugar a que, falando, fale o propio Alvaro Cunqueiro dun *trasmundo*:

...e si poido contar todo isto, que cáseque é de *trasmundo*, quere dicir que eu adoitó pasar tempadas fóra do mundo, esculcando? (9).

Trátase, evidentemente, dun *trasmundo* dado nas entretelas mesmas do mundo: realisticamente existente nel. A fe nese mundo non sensorial fai *credores*, que non, precisamente, crentes.

E para que non haxa *despegue* propiamente dito do plano da crúa realidade sensorial está, precisamente, a teima cunqueriana (que tanto ten dado que falar) de ir introducindo cortes bruscos nos voos da imaxinación cada vez que esta (¿perigosamente?) dá en elevarse en demasía. Así sucede, por exemplo, que o portentoso *camiño de quita e pon*, capaz de traer seguro e rápido a Constantinopla un exército perdido nas areas dun descoñecido deserto, e mesmo de que se pase por el de Galicia a Avalón, *á boda do neto de Don Amadís*, vai envolvido en novelo e gardado nunha caixa de *manteigadas de Astorga*:

O Señor Leonís beixoulle a man a mi amo, colleu o novelo que iba nuha caixiña de manteigadas de Astorga, moi envolto en pano verde, e naquel intre saíu a gallope no seu baio polo camiño de Belbís (10).

Non se trata de xuntar ou, alomenos, aproximar artificiosamente o sublime ó vulgar. Trátase de mostrar que o sublime, e só ensoñadoramente revelado, dase a par mesmo do vulgar, conformando un todo único e, no fondo indiviso.

E é que, en definitiva, a vivencia é *obxectivante* (constituidora do seu propio obxecto) nun senso aínda ben máis profundo e rico que o que no kantismo (ou mesmo na fenomenoloxía husserliana) se atribúe á conciencia congnoscente (ámbito tamén de doazón da realidade ó ser humano). No proceso da obxectivación vivencial constitúese un mundo obxectivo e plenamente substancial, sobre a base de organizar, estruturar, datos, sucesos, facianas, dimensións existentes na *res* ou a ela asociados, aínda que non sempre asequibles á, por depurada, tamén desubxectivizada (desvivencializada) intelixencia crítica e discursiva.

Xulgar, así, do realismo ou irrealismo da historia do *Ave Roc* ou da *viaxe a Puisang pola balea*, poño por caso, (de tan profunda implicación no universo vivencial de Simbad mariñeiro) e facendo aplicación do principio de verosimilitude, na súa habitual formula-

(8) Cunqueiro, A., *Imaxinación e Creación*, O.C. IV, Galaxia, 1991, px.20.

(9) Cunqueiro, A., *Xente de aquí e acolá*, ibidem, px 36.

(10) Cunqueiro, A., *Merlín e familia*, O.C., II, Galaxia, 1982, px. 36.

ción (que comportaría posibilidade fáctica na liña do acontecer convencional), sería un *nonsense* de non menor calibre que pretende ver adecuación ou non adecuación na xura do rei Afonso.

¿Realismo, pois, ou literatura fantástica en Alvaro Cunqueiro? Realismo cen por cen: realismo, claro, vivencial. O cal non quere dicir tampouco falso realismo ou realismo de segundo grao. Quere dicir si *outro nivel de realismo*, tamén máis profundo e máis abranquedor que o realismo de adecuación ó mundo do dato ou da realidade fenoménica.

Cando Alvaro Cunqueiro, na entrevista que lle fixeron Antón Risco e Ignacio Soldevilla, estes lle retrucaban que poñer a Ricardo Corazón de León, por exemplo, ó lado dun personaxe do século XX era, se cadra, *extraviar ó lector e destruír nalgunha medida o seu mapa cultural*, el respostaba:

Pois eu non o sei, porque eu creo que máis que o mapa cultural o que me preocupa é o home, é dicir, o que me preocupa é predicar do home. Entón, se eu dou, se eu dilucido un pouco sobre este animal tan extraño... é evidente que sirvo á miña preocupación humana, e isto preocupárame un pouco máis có propio mapa cultural (11).

Despois de todo, o ámbito da realidade vivencial, ó se prescindir da preocupación por procura-lo seu adecuamento, no plano do acontecer, coa realidade extrapersoal, pola vía do sometemento ás imposicións metodolóxicas da verificabilidade (ou da simple verosimilitude), gaña en valor enunciativo con respecto á autenticidade persoal, que comparece, así, sen cortapisas; é dicir, sen outras suxeicións. (E eu diría que por ahí discorren tamén os supostos nos que se basea o *expresionismo* plástico ou o *informalismo*: trátase de ir por encima da anécdota, de forzala expresionistamente ou de, sinxelamente, prescindir dela).

E, en efecto, a consecuencia máis directa da absoluta vivencia do principio de vivencialidade no mundo cunqueiriano é a caída de moitos máis principios (coa carga de presión constrinxente e determinadora que algúns deles comportan); non e só o de verificabilidade ou de verosimilitude; caen tamén os principios eleáticos de identidade e contradición: non só o ser é, que non só el suscita vivencia; tamén o non ser se dá (e opera, mesmo dramáticamente en ocasións, no terreo vivencial). E o universo cunqueiriano o mesmo se enche de mortos viventes, e aínda apaixonados, que de sereas que, como a chamada Venadita, lle deixa a Simbad, por memoria, o cariño duns cabelos longos e dourados, onde, no mapa, está debuxada a Moluca Maior. (¿E quen podería nega-lo insuperable valor enunciativo a respecto da intimidade óptica, noética, afectiva e motivacional do noso piloto, presente no detalle para con el da serea Venadita? ¿E que non predica do ser humano, do *home esencial*, que Simbad mariñeiro pase por lances dese estilo?).

¿Pode un home, ó mesmo tempo, ser e non ser? (12).

Para mostrar o como desta posibilidade escríbese *O incerto señor Don Hamlet, príncipe de Dinamarca*, onde, precisamente, a angurianta alternativa hamletiana (shakespeareana) entre o ser e o non ser vai ser barrida pola dialéctica conxunción do ser o non ser. Don Hamlet, en efecto, non opta, sen máis, polo non ser, como poidera parecer, colgándo-

(11) Risco, A. e Soldevilla, I, Entrevista a Alvaro Cunqueiro, Boletín Galego de Literatura, nº 2, novembro, 1989, px. 108.

(12) Cunqueiro, A., O incerto señor Don Hamlet, príncipe de Dinamarca, O.C., I Galaxia, 1980, px. 187.

se dun esparto de Tarragona. O Don Hamlet, pendurado nunha almea do castelo de Elsinor, no drama-farsa cunqueiriano, pondo por obra a conveniencia de que

podrecendo o corpo e o que é del (o amor tanático) se prive a alma de tan triste sino (13),

(e esta quede libre, ó cabo, “para un amor galán, revestido de rosas”), é unha perfecta realización da conxunción do ser e o non ser:

¿Sabes o que se preguntan as pantasma ó encontrarse? Pregúntanse ¿como podemos, ó mesmo tempo, existir e non existir? (14).

E tampouco valería obxectar que unha así “dimensionada” apelación ó principio de vivencialidade nos sitúa ante un relativismo subxectivista e absoluto, porque a isto Alvaro Cunqueiro retrucaría, con toda seguridade, que hai un *envés* da realidade obxectiva: caras non sensoriais, non susceptibles de grao ningún de verificabilidade e, por iso, só desvelables (*revelables*, gustaría de dicir Cunqueiro) a un tratamento non empírico, nin racional, senon poético: imaxinativo, creador, *ensoñante*, e, de raíz, *vivencial*.

Van por xunto aquí os animais que hai e os que non hai, pero vense igual ou escoitanse, ou sábense os feitos e o que dixeron en algunha ocasión famosa. Toda zooloxía fantástica forma parte da revelación do mundo ó home... (15).

Nun seno que recorda dalgún xeito o presente na afirmación zubiriana de que a *realidade verdadeira na mente*, cómpre sinalar que a cara non sensorial da realidade, a non directamente perceptible, paténtizase, en cambio, no ámbito vivencial, a través da *poiese* imaxinativa (16). E o pretendido carácter *creador* da ficción imaxinativa sería, no fondo, inventor; o seu é achádego, achádego e máis nada. A realidade *vulnerada* pola imaxinación

amosa mil caras, está feita de cen séculos e lugares, convoca ó sol e maila lúa a un tempo... (17).

Así como hai o mundo simplemente perceptible, hai o mundo que ha ser obxecto de revelación (desvelamento), agachado trala néboa da incerteza obxectiva e subxectiva, e só obxecto (posible) de achádego por parte da imaxinación “inventora”. Ata podería dicirse que se dá unha correlación na que aparecen óptica e gnoseoloxicamente vinculadas, por unha parte, as *mil caras* metaperceptibles das cousas (presentes a modo de virtualidades ou, diríamos, *potencia*) e, por outra, a capacidade ensoñadora (e así, se o término valesse, *actualizante*) do ser humano.

Paulos, que vive (tan *cunqueirianemente*) a realidade desde a perspectiva da escena (o *eidos dramático*), pregúntase, entre credor e desconfiado, a propósito do poeta a quen, sen dúbida, a cidade encargaría de escribi-la peza *Los misterios del año del cometa con la venida vespertina del unicornio*,

(13) (O parénse é noso). Cunqueiro, A., *ibidem*, px 209.

(14) Cunqueiro, A., *ibidem*, px. 247.

(15) Cunqueiro, A., Escola de Menciñeiros, O.C. III, Galaxia, 1983, px. 105.

(16) E é urxente estudia-la profunda concordancia que se intúe entre a capacidade noética da imaxinación cunqueiriana e a atribuída a esta facultade na Crítica Kantiana.

(17) Cunqueiro, A., *Imaxinación e Creación*, *ibidem*, px. 183..

¿Sus dotes de adivinación serían tales que las palabras que Paulos imaginaba poder decir, él las hallase entre los millones de palabras posibles? (18).

De parecido xeito a como as palabras de Paulos, por el imaxinadas, existen, entre as posibles, e o caso é dar con elas, adivinar, outro tanto acontece con toda a nutrida categoría óntico-vivencial do só desvelable a través do ensoño creador. Existe; dase. E esta súa existencia virtual, alén incluso dun suxeito vivencial concreto, explica esa sorte de intersubxectividade na que se obxectivan os sonhos que, sendo de un, poden ser tamén, e ó mesmo tempo, de outros, como sucedía, segundo máis arriba viamos, coas distintas posturas de Paulos, morto xa, pero obxecto dos sonhos de María e espectáculo, así, para moitos outros.

Seixo de Parderrubias topara cun enano de tres ollos e grande paraugas que, a dicir e Ribada,

escapóuseme a min do soño, e despertei e saín ver si o topaba. Non hai cousa que máis me amole que deixar os sonhos a medias (19).

A capacidade ensoñadora é, polo dito, de tal virtualidade cosmoxenética que o home da capa negra que opera sobre o cadaver de Paulos, na referida pasaxe, chega a dicir:

Si pudiese reunir, en un repente, todos los sueños suyos, este hombre resucitaría. Quizás este sea el secreto de la vida futura y eterna (20).

O ámbito eidético no que as cousas se dan, cobrando, así, o nivel de plenitude óntica vinculado á condición vivencial, nútese tamén, tanto do orixinariamente ser (ser obxectivo, de verificabilidade actual, aínda que nada poida garanti-la súa permanencia nese nivel de obxectividade), como do non ser (o non ser absoluto, a nada) que, segundo xa máis arriba se dicía, dáse e actúa:

Dinamarca é vento (21).

E, a reservas desde vento,

semellante a un exército ouveador que cercase Elsinor por toda unha longa noite,

está coutado o ámbito do ser, a cuncha almeada, formada polos muros de Elsinor. Fóra, vento: a nada. E, ó final do drama, reclamado polo propio rei Don Hamlet, aínda non ben estreado como tal e xa nas portas da morte, ese vento barre, aniquilante, coa podre acugulada dentro da cuncha de Elsinor:

O viento entra..., aventa todo a xistra ouveadora. A escena fica baleira uns segundos, soamente co vento, namentras cae o pano (22).

Cando, no adro de Comfront, foxe a aparencia do ser na hoste dos que tamén se pode dicir que non son, e esváese -na nada- a primadonna italiana, e a Xulieta, e a carta de amor, e os lírios, tamén a praza de Verona é obxecto da furia aniquiladora da nada, personaxe que irrompe avasallador:

(18) Cunqueiro, A., El año del cometa, ibidem, px. 137

(19) Cunqueiro, A., Xente de aquí e acolá, ibidem, px. 228

(20) Cunqueiro, A., El año del cometa, ibidem, px. 24

(21) Cunqueiro, A., O incerto señor Don Hamlet, ibidem, px. 195

(22) Cunqueiro, A., ibidem, px. 265.

... un vento que ven abate o tapiz de fondo sobor da trabada (23).

E é que, en definitiva, nin o ser nin o non ser comparecen a título de tales nin desde a súa condición intrínseca extradixética (se así valera falar da nada).

O ser (persoa, animal ou cousa) non debe á súa prestancia óptica (nin o non ser á irrealidade de seu que o fai debedor do suxeito) á comparecencia no ámbito eidético. Pola contra, a penetración tanto dun coma da outra no círculo vivencial leva consigo unha reacomodación óptica (e axiolóxica) que os fai ceder das súas orixinarias peculiaridades constitutivas, nun proceso de claro senso destructor-constructor.

Cómpre non esquecer que o ámbito da realidade eidética (24) é, para Alvaro Cunqueiro, o ámbito da *escena* (tapiz, pintura, mapa, escenario: a cuncha almeada de Elsinor) e, dentro dela nada ten prestancia ontolóxica de seu: *a función representativa* afecta a todo; todo se reduce á condición de elemento dentro do proceso representativo; e todo, con independencia dos seus atributos extraambientais, entra ó cabo na dinámica do espectáculo e axústase entitativa e funcionalmente ás homoxeneizadoras imposicións del. Dentro da representación, tanto as persoas (mitos inclusive), como os animais e as cousas, asumen papel, vesten *persona* e sona (aínda, claro, sen de seu a ser, se cadra: sendo e non sendo). E así plenamente normal que Cheval, o cabalo de Alberte Merlo se interese de viva voz por como vai o mundo; que Liofante, o cabalo de Fanto Fantini, faga a defensa deste perante o senado de Venecia, ou que o zapato de Gaito baile, á perfección, él só, o Bom Pequito. A vivencialidade resulta doadora de realidade e de senso:

Pasaban los años y ya no había en casa de los Malatesta ni una sola alfombra, y donna Isotta salía igual a sacudirlas, sobre el cubrecorsé una “matinée” de encaje...(25).

¿Como non van existi-las alfombras que, día a día, donna Isotta se ocupa, digna e diligente, de sacar á ventá a sacudir? Agora, é claro que deixarán de existir o día que donna Isotta, desinteresada ou cansa, deixe de sacalas á ventá.

Tendrás todo lo que sueñes. Todo lo que sueñes tendrás (26),

dille Fagildo a María. E aínda sería mellor Cunqueiro dicir: só o que soñes terás.

O mundo é , para cadaquén, o seu mundo vivencial; e falar , polo tanto, de *verdade* ou *mentira*, ou é falar en senso figurado (Felipe de Amancia, que conta da “súa” Miranda e do “seu” Merlín vivenciais, chámase a si mesmo “mentireiro”) ou, onde non, é un *nonsense*. Porque, en último término,

Verdade ou mentira, aqués anos da vida ou da maxinación, foron enchendo cos seus fíos o fuso do meu espírito, i agora podo tecer o pano distas historias, novelo a novelo (27).

(23) Cunqueiro, A., As crónicas do Sochantres, O.C. II, Galaxia, 1982, px. 265.

(24) (O eidos ontoplástico, xuntos nun único nivel gnoseo-óptico a visión e o visionado).

(25) Cunqueiro, A., Vida e fugas de Fanto Fantini de la Gerardesca, Destino, 1990, px. 225.

(26) Cunqueiro, A., El año del cometa, ibidem, px. 65.

(27) Cunqueiro, A., Merlín e familia, ibidem, px. 11.

O decisivo non é que haxa verdade ou haxa mentira obxectivos; o auténticamente decisivo é, pola contra, que, verdade ou mentira, as realidades vivenciais *enchan cos seus fíos o fuso do espírito*.

A operatividade do ámbito vivencial é plena e mesmo se pronuncia en senso positivo cara ó suxeito, como, se se dá o caso, o fai tamén en senso negativo. A orde vivencial imponse como realidade de pleno e sen disimula-lo seu carácter factual e aínda coactivo: non se vivencia, precisamente, o que se quere, senon o que a mesma orde vivencial de seu impón. E así sucede, por exemplo, que a Ruzos de Beiral o ter aprendido a linguaxe das troitas éralle de grande ventaxa:

Cando estaba cos amigos de confianza, contara que chegara a entender a vida toda da troita, os seus traballos e descansos, amores, vicios. Aseguraba que chegaría a pescar coa palabra, é dicir, con palabriñas de troita.

- Como sei dicirilles o que lles convén! (28).

Pero non sucede xa outro tanto con Amadeo de Sabres, poño por caso, a quen as cousas todas lle asubiaban ata volvelo tolo. O cabo,

decidiu taponarse os ouvidos, e que quen quixese falar con el o fixese por señas. Pero sucedeu entón que quen asubiaba era el, Amadeo, dentro del mesmo... (29).

Desde as consideracións que ata agora temos feito, é fácil apreciar que a realidade cunqueiriana enteira (non só a antropolóxica) ten un marcado carácter procesual. E devir. E este devir, como sucedía xa para Heráclito de Efeso, é o resultado dialéctico da coimpliación óptica do ser e o non ser. A realidade cunqueiriana non é ser, se por tal se entende algo dado, feito, homoxéneo, compacto, redondo ó modo paramenídeo, ultimado xa, accesible só para os métodos do saber científico, e mesmo literariamente apreixable en relato compacto e conclusivo.

Pero tampouco é a nada, a pura virtualidade, ou o simple punto de arranque cara ó proceso creador: non é o non ser, nin nada que en tal poida resolverse de todo (e aínda admitíndoo sen disimulo, cómpre apresarse a mitigar, nun relativizante senso, o nihilismo cunqueiriano).

A realidade cunqueiriana é ser o non ser. E son, así, rasgos esenciais nela, tanto a *indefinitude* (sobre a que asentan as *incertezas*, tan reclamantes para Alvaro Cunqueiro, que alí onde non as hai mesmo as crea, e que abren as portas ó intento definatorio da *poiese*, o relato, sempre aberto) e a *fronteiría*: esa situación de inestabilidade, de oscilación e ambigüidade que se dá no plano óptico e fai das cousas (mundo, persoas, sucesos, mitos...) algo sempre reversible, nunca perfecto (per-factum), non fundado sobre a precisión lóxica e o rigor conceptual, presto mesmo a erguerse que a derrubarse; unha situación esta que, por darse no plano óptico, se dá tamén no psicolóxico e fai que os personaxes camiñen debaténdose entre a euforia e a depresión, entre a crencia e a dúbida, como lle sucede mesmo a Sinbad, camiño de Basora, cando, afectado porla recalcitrante descrencia de Sari, sente a necesidade de entrar no caravanserrallo Mistar coa esperanza de topar alí quen poida certificar da incuestionable realidade do seu propio mundo vivencial:

(28) Cunqueiro, A., Xente de aquí e acolá, ibidem, px 283-284.

(29) Cunqueiro, A., Os outros feirantes, O.C., III, Galaxia, 1983, px. 29.

...non deixará de haber alí quen ouvira a historia do Ave Roc ou a viaxe levado pola balea as naves mariñas ... (30).

O ser e o non ser, conxuntivamente postos, fan posible (urxen) o que, de dárense cada un deles en exclusiva, prohibirían de forma tallante: o labor ensoñante (creador) que dá senso á presenza humana. O ser humano, en efecto, insértase, así, como elemento fundante, na procesualidade configuradora do real: do real-vivencial, única realidade da que cabe dar testemuña.

A realidade que xorde do proceso creador-inventor que se opera no ámbito da vivencialidade, aínda aquela que dalgún xeito queda substanciada nun relato (mesmo nas grandes creacións mitolóxicas) segue a ser realidade *in fieri* (de ahí a peculiar novelística cunqueiriana e a súa forte inter-intratextualidade, a modo de inacabable volver e re-volver sobre temas, feitos e figuras, xamais dables por definitivamente pechadas). A imaxe de río, tan heracliteana, é tamén profundamente cunqueiriana e nela vai expresada toda a incontrovertible transitoriedade dunha realidade na que o ser se resolve, en definitiva, no perenne pasar: *nunca poderás bañarte dúas veces no mesmo río*, dicía Heráclito. Cunqueiro pon, por exemplo, en boca do cómico Escaramuza:

... botas un lirio no río e vaise con ondas que nunca máis volves ver... (31).

O heraclitismo é manifesto (e aquela mesma aflicción, provocada en Heráclito pola insubstantividade e a transitoriedade do real, sería tamén o grande fundamento metafísico da melancolía que Alvaro Cunqueiro tenta, ten ben, disfrazar, segundo consigna o profesor Anxo Tarrío) (32).

A condición de ser e non ser (que, segundo antes vimos, acada nivel de traxedia en *O incerto señor Don Hamlet*) prantéxase tamén con profundo dramatismo (os prantexamentos cunqueirianos son sempre vivenciais) no prólogo-carta ó Doutor García Sabell, na edición de *Os outros Feirantes*, onde aparece comprometida incluso a conciencia da realidade persoal do propio Alvaro Cunqueiro:

...”viña de estar con istes dos que conto nas páxinas que siguen. Agora ben, ¿houbo istes, hainos?. Poderá alguén contestar, supito, que non os houbo nin os hai, xa que tireinos do meu maxín. E o tal daría por sentenciado o pleito, pero coido que tí non e eu tampouco...

...(ando) entre uns, que pois cho pregunto si os houbo e ahi ou non, non sei ben si os houbo ou hai, e entón nas miñas dúbidas, remato preguntando-preguntándoches- si houbo ou hai, ou non, un Alvaro Cunqueiro” (33).

O problema comeza por prantexarse no que se podería chamar *dimensión existencial* (ou do exercicio do ser): ¿houbo istes, hainos? E Alvaro Cunqueiro, que se manifesta contrario á rotundidade con que alguén podería pronunciarse polo non, tampouco él é capaz de facelo de todo a favor do si. El, que en tanto se parece Sinbad (parecerse a Sinbad, como parecerse a Orestes, é tamén selo e non o ser) vive o seu particular camiño de Basora e fica

(30) Cunqueiro, A., Se o vello Simbad volvese as illas, O.C., III, Galaxia, 1983, px. 29.

(31) Cunqueiro, A., O incerto señor Don Hamlet, ibidem, px. 228.

(32) Tarrío, A. Alvaro Cunqueiro ou os disfraces da melancolía, Galaxia, 1989.

(33) Cunqueiro, A., Xente de aquí e acolá, ibidem, px. 151-152.

suspenseo entre a crencia e a descrencia, urxíndolle, logo, topar quen lle certifique acerca da realidade do seu propio mundo vivencial e, con el, tamén da súa mesma persoal realidade.

Hai, en efecto, razóns para o si (e estas razóns operan, claro, en Alvaro Cunqueiro):

Primeiro, porque é sabido que o *tirado do propio maxín*, en realidade resulta lido naquelas páxinas precisamente metasensorias da realidade, segundo máis arriba se constataba (a empiría está moi lonxe de se-la medida do real).

E, segundo, porque, de non existiren eses tan profundos contidos vivenciais, ¿como ía ser máis certo que existise o propio eu vivenciante? A non seguridade acerca da incontrovertible realidade dos contidos vivenciais comprometería a conciencia da mesma realidade persoal. En efecto as *xentes de aquí e de acolá* e mesmo os *demáis feirantes* implícanse decisivamente na existencia de Alvaro Cunqueiro:

Fíxeme tan amigo deles...que, cando van sair do meu faiado pra un libro, a miña casa aparéceme como valeira... (34).

E, xa que así se implican, *logo existen*. E se, a pesar dese seu nivel de implicación en Alvaro Cunqueiro, non existisen, non sería entón menos dubidosa a existencia do propio Alvaro Cunqueiro (andante entre eles e deles relatante).

Porque, en definitiva, así como a intelixencia abstractizante só pode operar dentro da estrutura suxeito-obxecto e é, polo tanto, afastante e distanciadora a respecto dos contidos sobre os cales opera (o distanciamento intencional cúmprese inclusive cando o suxeito pensa sobre si, obxectivándose), a vivencia é fusiva, identificante e, mesmo, homoxeneizadora: o eu é un co seu mundo vivencial e, incontrovertiblemente, esfumaríase, de aquel esfumarse (como tan ben puxo de relevo o vitalismo filosófico e, entre nós, Ortega y Gasset).

Pero hai tamén profundas razóns para o non. E non só as fundadas sobre a apreciación, tan inevitablemente operante nunha cultura de inspiración científico-positivística, e que torna sempre oscilante e non segura a crencia no non visible. Hai algo máis profundo.

... quero saber de *magister*... si eu son ou non parte (“desta xentía”), soñándome soñador de tanta vida e miragre... (35).

O eu, como na filosofía contemporánea se ten posto de manifesto, é factura de si mesmo (e non digamos a “conciencia do eu”: o saberse sendo e consistindo). Todo o cal, traducido á linguaxe cunqueiriana, equivalería a dicir: o eu é resultado do seu propio soño; e nisto non vai apreciar maior diferenza Alvaro Cunqueiro a respecto das outras xentes que poboan o seu mundo vivencial, polo que, de seren estes de tan dubidosa existencia, non podería acontecer doutro xeito coa do propio Alvaro Cunqueiro: ¿existe ou non o Alvaro Cunqueiro que o propio Alvaro Cunqueiro soña co mesmo soñar con que soña ás *Xentes de aquí e de acolá*?

E, por outra banda, como podería saber eu tanto distes si non os houbo nin hai, senon no habendo sido ou non sendo? (36).

(34) Cunqueiro, A. Os outros feirantes, *ibidem*, px. 209.

(35) Cunqueiro, A., *Xente de aquí e acolá*, *ibidem*, px. 153.

(36) Cunqueiro, A., *ibidem*, px. 152.

Pero, nos prantexamentos cunqueirianos, o problema ten tamén unha *dimensión esencial ou consitencial*. Como existir, en efecto, tamén existen as alfombras que donna Isotta Malatesta saca tódolos días á ventá. Pero as *Xentes de aquí e acolá* aventaxan na liña do ser ás alfombras de donna Isotta; naquelas, en efecto, preténdese que haxa

Unha onza en cadaqué do ser galego (37).

E dese “ser galego” xa non se pode dicir que sexa *tirado do meu maxín*, como se di das *xentes* concretas nas que ese ser galego se fai presente e, por suposto, das alfombras de donna Isotta.

Isto complica enormemente a cuestión: por un lado, ¿como vai haber estes que Alvaro Cunqueiro *saca do seu maxín?*; pero, por outro, ¿como non os vai haber se neles se dá *unha onza en cadaqué do ser galego?*. Pois habéndoos e non os habendo; sendo eles e non sendo.

Polo que respecta ó primeiro dos interrogantes, xa consta, á altura do noso discurso, que sacar do propio maxín e ollar na obxectividade é todo un:

...O home ... é ben sabido que saca de si todo canto olla e nin se sabe cando soña (38).

Polo que respecta ó segundo interrogante cómpre consigna-lo seguinte:

Alvaro Cunqueiro, na súa vontade predicativa (temos falado de *ensaismo implícito* á súa narrativa), fainos presente en toda a súa obra o *home esencial* (o que cabería chama-la *hominidade xenérica*). Hai nel a vontade esculcadora da consistencia humana da que falaba na entrevista que lle fixeron Risco e Soldevilla:

...Se eu dilucido un pouco sobre este animal tan extraño.. é evidente que sirvo á miña preocupación polo humano (39).

Pero, nas *xentes de aquí e de acolá e outros feirantes* Alvaro Cunqueiro predica tamén dunha peculiar *hominidade específica*, dun tipo humano concreto: o ser galego.

...entre toda esta xentiña está cáseque todo andamiaxe do galego...(40).

Endebén, esta hominidade faise presente, no mundo narrativo, en exemplares humanos de singular factura (de nome e apelidos e lugar concreto de procedencia); e a estes, con suxeición á grandiosa servidume de teren que responderen ás peculiaridades antropolóxicas do ser galego, certamente, Alvaro Cunqueiro tíraos do seu maxín. E se, naquela hominidade xenérica (e especificamente galega) a presenza do ser é unha incontrovertible presenza, no proceso da individuación insértase o non ser, que se fai, así, reduplicativamente presente no ámbito do ser: tanto na liña da existencia comco na da propia consitencia.

As *xentes de aquí e acolá*, como os *menciñeiros* e os *outros feirantes* son, pois, e non son, do xeito en que é e non é Alvaro Cunqueiro, presente nel a hominidade e maila galeguidade e, ó tempo, *soñándose narrador de tanta vida e miragre*; é dicir: tirándose,

(37) Cunqueiro, A., *Ibidem* px. 152.

(38) Cunqueiro, A., *Escola de menciñeiros*, *ibidem*, psx. 105.

(39) Risco, A. E Soldevilla, I., *ibidem*, loc. cit.

(40) Cunqueiro, A., *Xente de aquí e acolá*, *ibidem*, px. 237.

momento a momento, do seu propio maxín, ó tirar del a tantas *xentes de aquí e acolá*. E é que, en última e definitiva instancia, no mundo da realidade vivencial; o vivenciante conta entre a propia realidade vivenciada e *ponse* a si mesmo ó poñe-la realidade vivenciada (e mentres que isto realmente se dea) correndo, así, o un a sorte ontolóxica que lle corresponda correr á outra:

Una de las razones (para que Paulos morrese), y quizá la principal y primera, fue que había dejado de soñar (41).

Por outra banda, as realidades do *eidós vivencial*, por máis consistencia que poidan ter os seus referentes obxectivos externos (de habelos), na medida que comparecen no ámbito vivencial son o que vivencialmente son e máis nada. Ricardo Corazón de León, como antes viamos, convive con Ulises de Itaca: iso é o que vivencialmente acae, e basta:

O Ricardo, o Ricardo real da historia impórtame moi pouco (42).

A dialéctica do ser e non ser élle implícita a dialéctica construción-destrución. E non é, propiamente, que os mitos, poño por exemplo, perdan a súa consistencia (non hai tal *desmitificación*), é que teñen a que vivencialmente teñen, son o que vivencialmente son, e acabouse. Ricardo Corazón de León conta, así, como figura favorita de Alvaro Cunqueiro,

non por Ricardo Corazón de León, senón polo sinal que lle deron os trovadores provenzais chamándolle Corazón de León (43).

Esta forte carga de subxectividade presente no mundo vivencial explica, noutra orde de cousas, o que temos chamado *delirio historiante* que se dá na obra de Alvaro Cunqueiro: cada personaxe resólvese, en definitiva, na súa personal historia, máis que implicarse nunha historia común. Isto explica moito, ó meu ver, da peculiar textura que ten a narrativa de Alvaro Cunqueiro. En só dúas páxinas da obra *Vida e Fugas de Fanto Fantini de la Gerardesca*, poño por caso, é posible ler ata oito historias diferentes doutros tantos personaxes que incidentalmente coinciden nun único lance da vida de Fanto (44).

Estas historias teñen normalmente carácter de *endohistoria*: son historias que máis saen de dentro que son determinadas por unha realidade circunstancial na que poidan resultar coimplicados varios a un tempo. Neles, no seu acontecer, resólvese, en definitiva, o individuo, o ser persoal; e deste, xa que logo, non se dá tampouco outra caracterización ou indicio noético que non sexa estrictamente, o referente anecdótico presente no seu correspondente conto.

Cando varios personaxes se xuntan (e o cruce de camiños biográficos é un molde diexético de utilización moi frecuente na obra de Alvaro Cunqueiro) o feito mesmo do incidental encontro suscita inmediatamente o desenfreo historiante urxido pola avidez contadora e escoitadora duns e doutros. E é que o encontro non se produce como resultado do sometemento de todos eles á lóxica dun acontecer supraindividual común. A coincidencia é normalmente casual e asolidaria, case sempre entre descoñecidos, e a obrigada presentación de cada un perante os outros impón o exercicio contador e escoitante. A través da súa historia, en definitiva, cada un comparece auténticamente diante dos outros, facéndoo, claro, co seu particular mundo vivencial.

(41) Cunqueiro, A., El año del cometa, *ibidem*, loc. cit.

(42) Risco, A. e Soldevilla, I, *ibidem*, loc. cit.

(43) Risco, A. e Soldevilla, I, *ibidem*, loc. cit.

(44) Cunqueiro, A., Vida y fugas de Fanto Fantini, *ibidem*, px. 22-23.

Eu arriscaría aquí a afirmación (que tampouco teño suficientemente contrastada) de que a esta ocasional penetración (extrínseca, por vía de *espectación*) redúcese toda a súa capacidade e toda a súa efectiva posibilidade de compenetración endopática. O mundo de Alvaro Cunqueiro (polas razóns que se apuntan) é, en efecto, un mundo de grandes solitarios: aínda coincidindo, en lugar e tempo, cada un faino desde o peculiar e privativo mundo vivencial dos seus soños.

Un dos datos, precisamente, máis significativos da antropoloxía cunqueiriana é o da imposibilidade para a realización efectiva do amor. Non hai, en efecto, na súa obra un só caso de amor pleno, auténtico e efectivamente realizado, en que os amantes, en actitude de afectiva entrega, teñan tamén a posibilidade efectiva de vivenciala e consolidala.

A pesar da grande frecuencia con que o amor se fai presente como tema na obra de Alvaro Cunqueiro (no seu teatro ven sendo incluso o asunto máis destacado, cando non o abordado en exclusiva), comparece, cando o fai con plena autenticidade, na súa soa dimensión necesitante (aquela pola que Platón o consideraba filla da pobreza) e, como consecuencia, aparece como aspiración, desexo, procura ansiosa, soño, e incluso como entrega, pero sin alguén que desa entrega poida realmente facerse cargo, e vivindo así o amor no que Platón consideraba *compoñente riqueza*. O cal quere dicir que nunca chega a darse efectivamente o común espacio afectivo que xunta nun só dous diferentes mundos vivenciais.

Lémbrese *O incerto señor Don Hamlet, príncipe de Dinamarca* (por citar unha obra onde o amor é, en definitiva, o tema): Ofelia ama profundamente a Hamlet, pero non é en absoluto correspondida por el, que ama nela (edipianamente) á súa nai Gerda; pero tampouco ama á Gerda real, sensual, á que remata matando, senon á nai idealizada, pendente, seguindo el cre, dun *amor galán revestido de rosas...* Gerda, por outra banda, tamén amada sinceramente por Halmar, e que tanto parece xogar ó amor, é, realmente, un ser imposibilitado radicalmente para vincularse a outro a través dese sentimento.

Cada personaxe é así un mundo; un mundo aparte:

Por primeira vez, también, se daba cuenta (Paulos) de que el juego de los sueños, con los sueños, lo apartaba de la comunidad humana (45).

Cada personaxe vai dentro da súa peculiar borbulla vivencial e lévaa consigo onde queira que vaia, e conta dela ós demais, que a reciben, por outra banda, coa compracente curiosidade con que un se enteira doutros mundos.

E, por último, cando os personaxes fan por amplia-lo seu limitativo mundo vivencial, rara vez o consiguen se non é pola vía da escotomización esquizoide do eu: un eu partido en varios e asistidos por cadanseu círculo vivencial non menos privativo. O acontecer humano é, en definitiva, ir, ata rozar en ocasións o agotamento, dun eu e aoutro eu, como o actor que veste *personas* (46) cada vez distintas, asumindo, ó facelo, un mundo noético e vivencial tamén diferente:

¿Cantos homes son precisos, no escuro, para facer, na luz, un só home verdadeiro? (47).

Pero iso é xa tema para outra ocasión.

(45) Cunqueiro, A., El año del cometa, ibidem, px. 168.

(46) (E non se esqueza que o eido cunqueiriano é un eidos dramático, teatral).

(47) Cunqueiro, A., O incerto señor Don Hamlet, ibidem, px. 187..